

SeÃsmo polÃtico en Belgrado

DescrÃ§Ã£o

A rebeliÃ³n serbia Ã© o Ãºltimo empurrÃ³n a un rÃ©xime esmorecente. Non foi o resultado de tÃ¡cticas de intelixencia sabiamente dispostas pola OTAN, senÃ³n a consecuencia dunha combinaciÃ³n de atrevemento polÃtico da oposiciÃ³n e ampla toma de conciencia do podreidoiro en que se convertira o poder en Belgrado.

A pesar do fraude, as elecciÃ³ns do pasado 24 de setembro evidenciaron o significativo recÃ©o das forzas que apoian a Milosevic. Tanto nos comicios locais, como lexislativos, federais e ata nas elecciÃ³ns provinciais en Voivodina, fÃixose evidente o amplo respaldo social da oposiciÃ³n. Nin o propio rÃ©xime foi quen de negalo. O cambio de escenario foi moi importante. Os radicais de Seselj e o Movemento de renovaciÃ³n de Draskovic foron varridos electoralmente. Na capital, Belgrado, a oposiciÃ³n obtiÃ±a cento cinco representantes dun total de cento dez. Draskovic, que viÃ±a controlando a capital, obtivo un Ãºnico mandato. Seselj perdÃa Zemun, a Ãºnica localidade que dirixÃan. Municipalidades tan significativas como Novi Sad, Kragujevac, Krusevac ou Nis, pasaban a mans da oposiciÃ³n. Nas elecciÃ³ns lexislativas federais, o trunfo da oposiciÃ³n foi igual de abrumador, unicamente minorado polos resultados de Montenegro, onde os aliados de Milosevic obtiÃ±an 47 escaños de 50 por mor do chamamento abstencionista do Presidente Djukanovic. Son cifras oficiais que evidencian o inmenso descalabro do rÃ©xime.

A maiores do desenlace final de Milosevic, Kostunica ten por diante outras incÃ³gnitas a despegar. En primeiro lugar, en Serbia, donde inicialmente debe cohabitar cun goberno e un parlamento controlado polos partidarios de Milosevic. En segundo lugar, en Montenegro e Kosovo, volcados no independentismo. Hoxe, formalmente, o poder federal Ã© mÃ¡nimo; o verdadeiro poder radica nas instituciÃ³ns republicanas. As posibilidades de renovar a polÃtica serbia nestas condiciÃ³ns son remotas. Â¿Iniciarase un perÃodo constituÃnte? As prÃ³ximas elecciÃ³ns lexislativas en Serbia estÃ¡n previstas para o outono do 2001. Un horizonte demasiado lonxano.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

ARQUIVO BalcÃ¡ns

IDIOMA

Galego

Data de creaciÃ³n

Novembro 7, 2000

Metacampos

Autoria : 3717

Datapublicacion : 20001007